

Transición e incerteza na Palestina post-Arafat

Roberto Mansilla Blanco

Palestina, novamente, atópase nunha encrucillada, mais ¿será esta a definitiva? O momento actual reviste unha importancia histórica indiscutible, aínda que se desenvolve nun escenario repleto de incerteza. Non obstante, o recente alto ao fogo alcanzado na localidade exipcia de Sharm el Sheij en febreiro pasado, os xestos de achegamento palestino-israelís e a inclusión de Hamás no espectro político palestino, permite albiscar algúns síntomas de cambio esperanzadores.

Trala morte, en circunstancias aínda non completamente aclaradas, do seu líder histórico Yasir Arafat en novembro de 2004, a dirixencia nacional palestina debeu enfrontarse a unha situación de urxente transición, pechando parcialmente unha etapa histórica marcada pola emblemática e carismática figura de Arafat. Isto permitiu deseñar algúns reacomos na estrutura de poder dentro da complexa e dinámica sociedade palestina e un abrupto cambio de actitude dos actores internacionais, especialmente por parte de Israel e EEUU.

O fracaso de Camp David e a segunda Intifada

Polo tanto, ¿que novo escenario propiciou tan súbita transformación? Semeilla indiscutible que, para EEUU, a Unión Europea e Israel, en termos de *realpolitik*, os verdadeiros garantes do futuro de Palestina, a figura de Arafat reunía un factor de incomodidade evidente.

A atroz reclusión do recen falecido “rais” no seu cuartel en Ramallah, reflicte simbolicamente o calvario vivido polo pobo palestino e a errática loita do seu líder histórico, que morreu sen ver o seu soño dun Estado palestino, ao menos dun xeito oficial. Tampouco puido ver en vida o seu supremo obxectivo de unidade nacional palestina mentres se enfrontaba co desprestixio da súa imaxe na opinión pública occidental.

Do mesmo xeito, apréciase un síntoma de esgotamento da chamada “segunda Intifada”, orixinada en setembro de 2000, tralo rotundo fracaso das conversas de paz de Camp David dous meses antes. Alí, en Camp David, Arafat e os daquela primeiro ministro israelí, Ehud Barak, e o presidente estadounidense, Bill Clinton, intentaron reconducir un Acordo de Oslo practicamente moribundo. Dende entón, esta “Intifada” deixou máis de 4.000 mortos entre israelís e palestinos, por medio dos atentados suicidas e os ataques selectivos do Exército israelí.

A consecuencia do fracaso de Camp David foi o amplo descontento das faccións máis radicais dentro da sociedade palestina, especialmente os grupos islamistas Hamás e Yihad Islámica, e dos sectores da chamada “nova garda” no seo do partido Al Fatah, coa política de negociación da dirixencia encarnada na chamada “vella garda”, tamén coñecidos como “os tunesinos”, os fieis de Arafat que padeceron o exilio en Tunisia trala súa expulsión do Líbano en 1982, por parte das tropas israelís e as faccións cristiás libanesas.

Neste escenario presentouse a “provocadora” visita de Ariel Sharon, entón líder da oposición, á Explanada das Mesquitas de Xerusalén. O resultado foi o auxe da violencia... e o ascenso de Sharon ao cargo de primeiro ministro no 2001. A dirixencia tradicional de Al Fatah observou impávida como non podía controlar unha situación semi-caótica en Gaza e Cisjordania ante o empuxe de Hamás e Yihad Islámica e o xurdimento dunha nova xeración de líderes, como Marwan Barghouti e Mohammed Dahlan, descontentos pola debilidade e a corrupción dentro da Autoridade Nacional Palestina⁽¹⁾.

O enigma Mahmoud Abbas

As eleccións presidenciais palestinas do 9 de xaneiro permitiron a Mahmoud Abbas, de 69 anos, converterse no sucesor de Arafat. O amplo respaldo popular, preto do 70%, estivo complementado pola unánime aceptación dos actores internacionais, especialmente o presidente estadounidense, George W. Bush, e o propio Sharon.

Tanto Bush como Sharon xa coñecían a Abbas tralo asinamento da Folla de Ruta no 2003, e apreciaron nel o carácter moderado, pragmático e incluso dócil, necesario para reiniciar as negociacións. En poucas palabras, un perfecto exemplo de líder tranquilizador, ao estilo Neville Chamberlain. A tal punto calou a imaxe de Abbas, que o presidente Bush invitouno á Casa Branca, cando antes se negara a facer o mesmo con Arafat a pesar de que este, tamén fora elixido democraticamente polos palestinos en 1996.

A conveniencia de Abbas para Bush e Sharon demóstrase trala pública repulsa do actual presidente palestino da “Intifada” do 2000. A súa prioridade tería que ver coa contención dos numerosos grupos armados e radicais palestinos. Neste sentido, Abbas alcanzou un sólido triunfo coa “limitada” aceptación de Hamás, Yihad Islámica e Brigadas de Mártires de Al Aqsa, de rematar cos atentados terroristas.

(1) Unha acertada aproximación ás disputas políticas dentro da ANP e no interior do partido Al Fatah podémola atopar nos artigos de Khalil Shikaki, director do Centro Palestino de Política e Investigación de Ramalah, especialmente *Palestinians divided*, Foreign Affairs, vol 81, nº 1, xaneiro-febreiro 2002, e *The Future of Palestine*, Foreign Affairs, vol 83, nº 6, novembro-décembro de 2004. Shikaki é un dos máis reputados analistas palestinos, crítico coa dirixencia histórica de Al Fatah e revelador da natureza e obxectivos da nova xeración de dirixentes nacida na “Intifada” de 1987 e a consolidación dos movementos relixiosos populares como Hamás, a partir de 2000.

As primeiras medidas do elixido presidente da Autoridade Palestina anunciaron un xiro audaz de cara á resolución dunha vía alternativa dentro do conflito palestino-israelí. Abbas estendeu unha man ao primeiro ministro israelí Ariel Sharon, ao mesmo tempo que iniciaba arduas negociacións coas organizacións armadas palestinas para aceptar o fin da violencia. Isto alcanzouse a mediados de marzo, cun acordo de cese á violencia por un ano.

Do mesmo xeito, os seus obxectivos internos primordiais encamiñáronse a potenciar as reformas na Autoridade Nacional Palestina (ANP) e garantir a seguridade e control dos sectores de poder en Palestina. Nesta tarefa, Abbas semella ser máis un elemento transitorio, precisamente porque a sucesión de Arafat foi manexada dun xeito prematuro⁽²⁾.

A pesar do seu alto índice de respaldo electoral, Abbas nunca tivera gran aceptación popular entre os palestinos, do mesmo xeito que o actual primeiro ministro Ahmed Qurei e outros líderes históricos de Al Fatah. Pero a conxuntura permitiu o seu ascenso e un leve respiro para a dirixencia tradicional, atenzada agora polo seu principal rival, o partido islamita Hamás e, en menor relevancia, a Yihad Islámica.

O cambio máis relevante deste proceso que se pode catalogar como a “des-Arafatización” da nova Palestina, tivo que ver coa composición do novo gabinete de goberno, encabezado polo primeiro ministro, Ahmed Qurei. Tras cinco semanas de delicadas negociacións, o gabinete de 24 membros estará constituído por 17 novas figuras, dunha orixe tecnócrata e profesionais de diversas áreas, relevando á “vella garda” de Al Fatah, aínda que os principais postos de goberno serán ocupados por líderes tradicionais deste movemento.

A clave é agora o “factor Hamás”

Hamás observa dende outra perspectiva a transición en Palestina. O partido incrementa a súa popularidade nun momento en que a súa dirixencia se atopa nunha encrucillada, tralo asasinato o ano pasado, por parte das tropas israelís, do seu líder espiritual Ahmed Yassin e o seu líder político, Abdelaziz al Rantissi.

O movemento concentra a súa fortaleza socio-política en Gaza, polo que se beneficiaría amplamente da unilateral retirada militar auspiciada por Sharon nesa rexión. Pero Hamás tamén obtén éxitos electorais: na primeira volta das eleccións municipais do 23 de decembro en Gaza, este partido alcanzou un importante 35,6%, gañando incluso en áreas tradicionalmente votantes de Al Fatah. Un resultado máis contundente obtivo nos comicios, tamén en Gaza, do 28 de xaneiro, cunha avultada vitoria nos dez distritos, sumando 77 das 118 concellerías. Al Fatah, só obtivo 26 distritos⁽³⁾.

(2) Un perfil do “sucesor” de Arafat, onde se revela o seu carácter pragmático, pode atoparse no artigo de Hussein Agha e Robert Malley, *Abou Mazen, le dernier Palestinien*, *Le Monde Diplomatique*, febreiro 2005.
(3) *Israel: Hamas’s growing political power*, Stratfor, 28 de decembro de 2004, <http://www.stratfor.com/>.

Tralo éxito electoral e o descabezamento da súa cúpula histórica, o obxectivo actual de Hamás, sen abandonar por completo a loita armada contra Israel, é constituírse como o principal partido político do novo escenario palestino, polo que traballa consciente de alcanzar a total lexitimidade nos comicios lexislativos de xullo de 2005. Neste momento, Hamás é o principal rival para a tradicional hexemonía do partido Al Fatah, fundado por Arafat en 1964, nas estruturas da ANP.

Este cambio de estratexia en Hamás coloca como prioridade a participación plena nos órganos de dirección da Autoridade Nacional Palestina, tal e como o manifestou Jalil Nofal, membro da cúpula do movemento en Gaza. A resposta a esta estratexia por parte de EEUU, a Unión Europea e Israel, así como o resto da Comunidade internacional, foi positiva polo que, en contrapartida, podería negociarse a posibilidade de excluír a Hamás na lista de “organizacions terroristas” ou incluso o restablecemento de canais de diálogo cos sectores políticos de Hamás. En círculos políticos do movemento fálase mesmo da posibilidade de seguir o exemplo de Hezbollah no Líbano e de involucrarse, con maior profundidade, nas actividades locais da sociedade civil.

En canto á Yihad Islámica e as Brigadas de Al Aqsa, grupo xurdido trala “Intifada” do 2000, os seus movementos son minoritarios con respecto a Hamás, e actúan practicamente dun xeito coordinado. Apoian as negociacións con Abbas e a necesidade de reformar a ANP, pero coidan de non abandonar os seus obxectivos con respecto a Israel. Ambos grupos son acusados de recibir apoio loxístico desde Siria e Irán, hoxe en día dous países directamente sinalados pola ameaza militar estadounidense.

Do imparable ascenso de Hamás non existen dúbidas. A máis recente enquisa do Palestinian Center for Policy and Survey Research⁽⁴⁾ de marzo de 2005, revela que Hamás recolle un 25% de aceptación en total, cun 32% en Gaza e cun 21% en Cisjordania. A baixa de Al Fatah tamén é preocupante, xa que apenas supera o 30% de aceptación, aínda que os palestinos avalan nun 75% as reformas de Abu Mazen. As principais razóns para nivelar a balanza popular a favor de Hamás, segundo os enquisados, é “*a integridade, incorruptibilidade, a unidade e a disciplina*” do movemento.

A encrucillada tamén é para Israel

Sería incompleto analizar o panorama en Palestina se non se afronta o escenario israelí. Neste apartado, a morte de Arafat e o cambio na dirixencia palestina tamén permitiu un reacomodo político dentro do goberno de Sharon, pero os cambios máis agudos e impredecibles atópanse no seo da sociedade israelí.

(4) *Palestinian Public Opinion Poll*, 10-12/03/2005, realizado polo Palestinian Center for Policy and Survey Research e publicado en The Washington Institute for Near East Policy, <http://www.washingtoninstitute.org/>.

O xefe de goberno do dereitista partido Likud alcanzou en xaneiro a formación dun inédito goberno de coalición co líder laborista opositor Simon Peres, nun intento por evitar unha moción de censura pola negativa de varios partidos a apoiar a retirada militar israelí en Gaza, e así impedir o adianto de eleccións xerais. Esta alianza superou o seu primeiro obstáculo trala votación parlamentaria do 10 de xaneiro, con apenas 58 votos a favor e 56 en contra. Posteriormente, Sharon obtivo unha pírrica vitoria parlamentaria, unha vez se aprobara o orzamento nacional para o 2005, rexeitado polos deputados árabes e socialdemócratas.

Sharon e Peres acordaron fixar para mediados de 2005 a efectividade do polémico plan de retirada militar israelí de Gaza, proxecto criticado polos partidos ultradereitistas e relixiosos, especialmente o Yahad, o Partido Nacional Relixioso, a Torá e Xudaísmo e o Xadash, máis proclives a defender os intereses dos máis de 350.000 colonos israelís en Gaza, aparentemente indefensos ante a retirada militar israelí. En febreiro comezou a retirada, trala aprobación parlamentaria, ao mesmo tempo que cumpría a súa promesa de comezar a liberación dos presos palestinos.

En aparencia provisto dunha situación de fortaleza, o primeiro ministro israelí atópase nunha situación igualmente delicada, pero con varias cartas na súa man. Gozando do apoio da administración Bush, Sharon obtivo a ganancia da vitoria de Abu Mazen por consideralo un interlocutor válido e moderado dentro dunha Autoridade Palestina debilitada polas aparentes diferenzas internas. Pero o seu verdadeiro interese é a neutralización do ascenso de Hamás como o principal movemento opositor á ANP, o fin dos atentados terroristas contra obxectivos israelís, e levar adiante o seu controvertido plan de evacuación militar de Gaza, peza clave da súa política para o 2005.

No escenario israelí, Sharon atopa varias dificultades: nos últimos tres anos, o seu goberno estivo en varias ocasións a punto de caer, ante o progresivo afastamento da oposición laborista, e despois coa marcha dos partidos relixiosos e de ultradereita. Como a retirada militar israelí de Gaza é a súa principal prioridade para o 2005, Sharon necesitará do incuestionable apoio da inédita coalición cos laboristas.

Escándalos de corrupción e crise económica son tamén problemas para un Sharon que só utilizou a vía militar como solución do conflito cos palestinos e que agora, paradoxalmente, ten nas súas mans a vía da negociación da paz. Deste xeito, Israel atópase nunha encrucillada do seu poder militar, o que lle esixe unha profunda reformulación da súa caduca doutrina de seguridade nacional, orixinada trala creación do Estado israelí en 1948. As ameazas para Israel xa non son as mesmas de hai 30 anos, aínda que o seu elevado orzamento militar (que para o ano 2002 se colocou no 9,59% do PIB) e o influente peso do factor militar na sociedade, reflicte esa mentalidade militarista⁽⁵⁾.

(5) Uri Bar Joseph, *The Paradox of Israeli Power*, Survival, vol 46, nº 4, decembro 2004. Unha análise moi completa da evolución da doutrina de seguridade israelí e a súa influencia na mentalidade das elites e da sociedade, e sobre como na actual conxuntura os seus postulados aparecen caducos.

Ao contrario de boa parte da súa elite, a sociedade israelí atópase nunha profunda división socio-política en canto ao tratamento do problema palestino, quizais máis acorde coa negociación de paz. Do mesmo xeito, é cada vez maior o tenso pulso entre os sectores “laicos” e os “relixiosos”. En tanto, a crise económica e a variable demográfica afecta tanto a israelís como a palestinos. Un informe do Banco Mundial de decembro pasado revelou que o 47% da poboación palestina vive na pobreza, cunha economía en quebra trala “Intifada”, a violencia de parte a parte e a inexistencia de intercambios económicos.

O mesmo informe sinala que un 22,4% dos israelís viven na pobreza. Un 26,3% dos palestinos nos territorios ocupados está no desemprego e a economía palestina está en ruínas, sumamente dependente das doazóns internacionais que proxectan 950 millóns de dólares anuais, aínda que o goberno estadounidense acaba de aprobar axuda financeira valorada en 350 millóns de dólares.

Todo isto anuncia un escenario preocupante, sobre todo nos territorios ocupados de Gaza e Cisjordania. O factor demográfico tamén resulta decisivo: a poboación palestina medra a un 5% anual fronte ao 2,9% israelí. Estimacións consideran que, no 2020, a poboación palestina superará á xudía en case dous millóns de habitantes. Para sectores conservadores en Israel, o risco de que a poboación árabe socave a esencia do estado israelí podería favorecer iniciativas como a retirada de Gaza e o retorno das negociacións⁽⁶⁾.

A seguridade palestina

A gran cantidade de organizacións e servizos de seguridade dentro da ANP amosa unha situación de precariedade, disputas internas e falta de centralización e control. Un dos obxectivos da Administración de Abbas será controlar a diversos grupos, onde as lealdades persoais, políticas e de clans, xunto coa falta de recursos e pago regular de salarios, provoca unha certa sensación de falla de efectividade e fragmentación, tal e como se observara a mediados do 2004 en Gaza, cunha rebelión violenta de diversos grupos, trala designación dun sobriño de Arafat como xefe dos servizos de seguridade.

A división deste entramado estrutural de seguridade na ANP é o seguinte:

- a) **Policía Civil:** Orde pública e arresto de criminais.
- b) **Forza Nacional de Seguridade:** Control de postos de seguridade e patrulla de fronteiras.
- c) **Servizo Preventivo de Seguridade:** Contraespionaxe e captura de subversivos.

(6) Para maior información sobre a situación demográfica e económica entre palestinos e israelís, paga a pena acudir ás reportaxes de Ramón Lobo, *Los palestinos ganan la batalla demográfica*, El País, 6 de xaneiro de 2005; Ferrán Sales, *El Banco Mundial revela que la mitad de los palestinos vive en la pobreza*, El País, 24 de novembro de 2004, e *La mitad de los palestinos vive en la pobreza*, El País, 5 de xaneiro de 2005, do mesmo autor.

d) **Garda Costeira:** Patrulla las fronteiras en Gaza.

e) **Defensa Civil:** Rescate e bombeiros.

f) **Intelixencia xeral:** Operacións de intelixencia e contraespionaxe.

g) **Intelixencia militar:** Investigación de corpos de seguridade e interrogatorio de disidentes.

h) **Forza Especial de Seguridade:** Obtención de información sobre grupos opositores e seguimento dos corpos de seguridade.

i) **Servizo Presidencial de Seguridade:** Protección de altos funcionarios da ANP, arresto de activistas da oposición e sospeitosos de colaborar con Israel.

(Fonte: Uri Bar Joseph: *The Paradox of Israeli Power*, Survival, vol 46, nº 4, inverno 2004-2005).

O presidente Abu Mazen deberá agora crear un consenso sobre a centralización destes servizos, a fin de evitar as diferenzas internas, sendo as máis notorias as representadas polo xefe de seguridade da ANP en Gaza, Mohammed Dahlan (que fora visto como posible sucesor de Arafat, en principio co apoio de EEUU e Israel) e Mustafá Barghouti, principal rival de Abbas nas eleccións presidenciais de xaneiro.

Do mesmo xeito, a falla de efectividade e escasa independencia da administración de xustiza da ANP atópase con problemas como a existencia de competencias informais e tribais nas administracións xudiciais locais, e a pouca coordinación entre unha Xustiza efectiva e os corpos de seguridade ante o crime organizado e os grupos radicais e terroristas.

Hai motivos para a esperanza?

Unha primeira etapa de optimismo semella imperar na evolución política en Palestina e Israel. A vitoria de Mahmoud Abbas significou para a maioría dos gobernos occidentais e boa parte da opinión pública, o triunfo da moderación. Do mesmo xeito, os sinais enviados por Ariel Sharon fixeron potenciar a idea dun cambio significativo nun político caracterizado pola súa tendencia á solución militar. Isto materializouse no cumio de Sharm el Sheij entre Sharon e Abu Mazen.

Nembargantes, e a pesar dos históricos e rápidos avances cara a negociación, o escenario revela síntomas de incerteza. Abbas e Sharon dependen excesivamente dunha relación recíproca e gobernan nunha situación de certa debilidade política. Abbas terá que negociar constantemente cos ascendentes factores de poder caracterizados en Hamás e Yihad Islámica, movementos cun interesante papel na sociedade palestina, para garantir a seguridade e o fin dos atentados suicidas. Pola súa banda, Sharon intenta gañar a batalla da opinión pública israelí incluíndo ao laborista Simon Peres na súa coalición. Pero o seu goberno semella débil, a pesar do decidido apoio exterior estadounidense.

Para revelar a futura conformación do poder en Palestina, as eleccións lexislativas de xullo próximo semellan máis decisivas que as presidenciais e municipais de

xaneiro pasado. A futura configuración do Parlamento palestino podería revelar unha puxa política entre Al Fatah e Hamás. En Israel, o xogo político depende máis da retirada militar de Gaza que das negociacións con Abbas, e do escenario no que percorra a transición palestina.

Neste apartado, a constitución do novo goberno palestino revelou sinais interesantes. Tras varios días de disputas, o Parlamento da ANP elixiu a Ahmed Qurei, un dirixente da “vella garda” aliado a Abbas, como primeiro ministro, pero por vez primeira a maioría do novo goberno ven constituído por tecnócratas e profesionais de diversos ámbitos da sociedade, non de políticos vencellados a Al Fatah e outros movementos. Isto semella un cambio significativo a prol da pluralidade e pecha a etapa histórica marcada pola aceptación ou non da vella estrutura de poder, manexada por Arafat.

En Sharm el Sheij, Abbas e Sharon falaron, primordialmente, de factores vinculados á seguridade e a pacificación, e de como transitar cara un posible Estado palestino. Pero outros temas, como o status de Xerusalén ou o retorno dos refuxiados, campea no aire, sen aparente resolución. O actual momento de cambios en Oriente Medio luce novedoso e histórico, aínda que os problemas son vellos e anacrónicos. A interrogante segue a ser se existe unha sólida e verdadeira vontade política para resolvelos por parte dos actores involucrados.

Roberto Mansilla Blanco é analista do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi).